

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL NO MARCO DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRAL (PAI) AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-MEIRAMA COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA DE ESPAÑA 2021-2027

MEMORIA XUSTIFICATIVA

No DOUE de data 30 de xuño de 2021, publicouse o Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta. No seu artigo 11, establece que os Estados membros, elaborarán, un o varios plans territoriais de transición xusta que inclúan un o varios territorios afectados correspondentes a rexións de nivel NUTS3 ou partes destas. Eses territorios serán os máis prexudicados, baseándose nas repercusións económicas e sociais derivadas da transición, en particular no que se refire á adaptación dos traballadores ou as perdas de postos de traballo previstas na produción e emprego de combustibles fósiles.

Con data do 20 de decembro de 2022 a Comisión Europea aproba o “Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027”, e no seu artigo 4 establécese a aprobación do Plan Territorial de Transición Xusta presentado como parte do programa. Dentro da identificación dos territorios máis afectados está a provincia de A Coruña, onde se produciu o peche de centrais de carbón e/ou minas de carbón. Ao impacto directo dos peches únese o das empresas auxiliares. No caso da Coruña, e en especial os municipios afectados polo peche das centrais de carbón son os de As Pontes e Meirama, sendo o territorio específico destinatario desta prioridade o conxunto da provincia da Coruña.

Entre as operacións que se prevén realizar na Coruña de acordo coas categorías de necesidades de desenvolvemento comúns a todos os territorios, a denominada, CO6 “impulso a infraestruturas sociais, a economía social e iniciativas de formación e cualificación”, abranguería a creación de recursos de fomento da inserción laboral



orientados ás problemáticas das persoas desempregadas das empresas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes na Coruña.

Así mesmo, identificouse a necesidade de impulsar programas de formación e recualificación nestes ámbitos (transición verde e dixital). Estes programas contribuirán especificamente á mellora da cualificación profesional de aquelas persoas afectadas tanto directa como indirectamente polos peches. Prestarase atención aos ámbitos de enerxía, metalurxia, electromecánica, química e ambiente, así como á capacitación e incorporación profesional en ámbitos como a mobilidade eléctrica, produción de hidróxeno verde, biogás e biometano e bioeconomía.

O proxecto “Plan de Actuación Integral As Pontes-Meirama”, conta cuns itinerarios para unha empregabilidade verde que engloba un conxunto coordinado de servizos personalizados, para que as persoas traballadoras sexan acompañadas persoal e individualmente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral.

Visto o anterior, e tendo en conta o Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no seu artigo 19, dispón que lle corresponde á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais as funcións de dirección, coordinación, control e a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial e promoción do emprego de calidade

É por iso que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, tras consultas cos interlocutores sociais máis representativas de Galicia, (CIG, UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) a través da CIG, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, CCOO de Industria Galicia, Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), ten previsto instrumentalizar a través dun convenio unha colaboración cun período de



vixencia que abrangue desde o 1 de maio de 2025 ata o 15 de decembro de 2028 respecto a aquelas actuacións realizadas desde o 1 de maio de 2025 ata o 30 de novembro de 2028

Finalmente, e no transcurso da consulta e información, a entidade CIG, comunica a súa non participación no proxecto, polo que o convenio quedaría delimitado ás entidades seguintes UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia, Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME e a CEC, que xunto coa Xunta de Galicia xestionarán de forma conxunta o proxecto xa que dispoñen de experiencia en plans de formación e capacitación de persoas traballadoras e desempregadas no ámbito da industria e as súas tecnoloxías asociadas, e a súa participación permitirá obxectivar a situación dos sectores emerxentes a nivel rexional e global, xa que son as organizacións representativas de intereses sociais, as que posúen, de primeira man, o coñecemento da situación da realidade sociolaboral da nosa Comunidade.

Decídese subscribir o presente convenio coas entidades máis representativas de intereses sociais, xa que tanto os sindicatos de traballadores como as asociacións empresariais contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais, recoñecidas na Constitución, e no resto do ordenamento xurídico. A Lei orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical, establece no seu artigo sétimo a consideración dos sindicatos máis representativos a nivel de Comunidade Autónoma e a representatividade empresarial ven regulada no Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido la Lei do estatuto dos traballadores, concretamente na disposición adicional sexta, que regula a representación institucional dos empresarios. Polo que, queda xustifico o previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, xa que esta subvención responde ao seu carácter singular, e as razóns acreditan o interese público, social, económico ou humanitario.

Así mesmo, axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 26.2 a) e no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedando xustifico o carácter singular da axuda e as razóns que acreditan o interese público,



social e económico e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, atendendo ás especificidades do obxecto do convenio, así como pola especificidade dos/as destinatarios/as últimos/as: persoas traballadoras despedidas

Ao tratarse dunha actuación cofinanciada pola Unión europea, é de aplicación e darase debido cumprimento ao Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; ao Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta; e a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

Tal e como se reflicte no texto do convenio, trátase de crear recursos de fomento da inserción laboral especificamente orientados ás problemáticas das persoas desempregadas e traballadoras que requiran dunha recualificación ou mellora da súa empregabilidade , velando polo carácter personalizado destas, deseñouse e impulsouse o **Plan de Actuacións Integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez-Meirama** sendo as persoas beneficiarias aquelas persoas traballadoras (actualmente empregadas ou desempregadas) que procedan de empresas afectadas, directa ou indirectamente, polos peches das centrais térmicas das Pontes de Garcia Rodríguez e Meirama e residentes na provincia de A Coruña, priorizándose en tódolos casos:

1. Os municipios nos que se situaban as centrais: Cerceda e As Pontes
2. Os municipios previstos nos Protocolos de actuación dos Convenios de Transición Xusta de Galicia: Meirama e As Pontes (salvo os tres concellos da provincia de Lugo, que quedarían excluídos), sendo un total de 16



municipios prioritarios: Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia

O proxecto contará co apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Fondo de Transición Xusta que é un novo instrumento financeiro no ámbito da política de cohesión cuxo obxectivo é prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática.

En concreto, as **actividades conveniadas** serán:

1. Acollida e Diagnóstico sociolaboral das persoas beneficiarias
2. Medidas de Sensibilización
3. Programa de Orientación laboral personalizado
4. Programa de formación profesional a medida:
 - Formación en competencias básicas
 - Formación Transversal
 - Formación de especialización dentro do sector das enerxías renovables, medio ambiente e dixitalización
5. Apoio á recolocación e seguimento personalizado

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

